

BUSCANDO COGOMELOS



Chámome Brais, teño sete anos e vivo nunha vila do interior de Galicia cos meus pais.

O sábado pola mañá fun ao monte co meu padriño.

Como é outono, as árbores de folla caduca están perdendo as súas follas e o chan estaba cheo delas. Tiñan moitas formas e cores. Habíaas vermellas, alaranxadas, marróns e amarelas.

O meu padriño regaloume unhas botas verdes para poder camiñar sen mollar os pés, porque o chan estaba húmido.

Levamos una cesta de vimbio e puxémonos a buscar cogomelos entre as follas. Atopamos ducias de cogomelos diferentes. O meu padriño ensinoume os seus nomes: había níscaros, boletos e amanitas.

Cando chegamos á casa, o meu avó ensinounos a distinguir os cogomelos comestibles dos venenosos. Temos que ter moito coidado para non equivocarnos.

Máis tarde, os dous axudamos ao meu pai a cociñalos. Estaban deliciosos!

Como se chama o neno?

- ☐ Chámase Breixo.
- ☐ Chámase Xosé.
- ☐ Chámase Brais.

Onde vive?

- ☐ Nun pobo.
- ☐ Nunha vila.
- ☐ Nunha cidade.

Con quen vive?

- ☐ Cos seus avós.
- ☐ Cos seus pais.
- ☐ Cos seus padriños.

Que fixo o sábado?

- ☐ Foi á piscina.
- ☐ Foi ao monte.
- ☐ Foi á praia.

Que estación do ano era?

- ☐ Era verán.
- ☐ Era outono.
- ☐ Era inverno.

Que lle regalou o seu padriño?

- ☐ Unhas botas.
- ☐ Unha cesta.
- ☐ Un paraugas.

Que buscaron entre as follas?

- ☐ Buscaron caracois.
- ☐ Buscaron cogomelos.
- ☐ Buscaron vermes.

Que lles ensinou o avó?

- ☐ A distinguir os cogomelos grandes dos pequenos.
- ☐ A cociñar os cogomelos.
- ☐ A distinguir os cogomelos comestibles dos venenosos.